

Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo parlamentar de Alternativa Galega de Esquerda (AGE), a iniciativa dos seus deputados **Juan Manuel Fajardo Recouso, Xosé Manuel Beiras Torrado, Ramón Vázquez Díaz, Antón Sánchez García, Xabier Ron Fernández** e a da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Pleno**.

Exposición de Motivos

O pasado luns a ANPA do CEIP O Piñeiriño de Vilagarcía recibía a noticia da eliminación dunha aula de Educación Infantil do seu centro. Días despois o xefe territorial de Educación negaba esta decisión, que todo o mundo coñece que é certa, pero, ademais, negaba a creación da 6ª aula de Educación Infantil, concretamente para os nenos de 4 anos, o que conlevará que no vindeiro curso esta aula teña cando menos 24 alumnos, con 3 nenos con necesidades especiais.

Compre salientar a necesidade non só de manter o número de aulas actuais, senón de incrementar a aula de educación infantil, tal como reclaman os pais e nais de alumnos que veñen de manifestarse en Vilagarcía nesta demanda, xa que o obxectivo parece non ser outro que camiñar cara a eliminación dunha das dúas liñas das que dispón o colexio na actualidade para os vindeiros cursos lectivos.

A maior parte das aulas do centro, incluída a única de 4 anos, están no tope máximo de alumnos por aula, que sendo unha referencia, non debe indicar encher tódalas aulas dispoñibles con esa cantidade xa que logo esta situación vai en detrimento da calidade educativa, e contradíse coa exultante comparecencia do pasado pleno do conselleiro Roman, que anunciaba supostas melloras e chuvia de millóns de euros para o ensino público, pero que ao final non son máis que propaganda para ocultar recortes como os que se pretenden no Piñeiriño.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

- O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que se manteña o número de aulas existentes no CEIP O Piñeiriño de Vilagarcía e que se materialicen as 6 aulas de Educación Infantil do mesmo.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2016.

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Fajardo Recouso na data 10/06/2016 13:12:17

Ramón Vázquez Díaz na data 10/06/2016 13:12:27

Eva Solla Fernández na data 10/06/2016 13:12:36

Xosé Manuel Beiras Torrado na data 10/06/2016 13:12:42

Anton Sánchez García na data 10/06/2016 13:12:46

Jose Javier Ron Fernandez na data 10/06/2016 13:12:49